



# PLAN DIXITAL

## IES RIBADEO DIONISIO GAMALLO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1 Datos básicos do centro

- Tipo de centro: público
- Denominación oficial: IES de Ribadeo Dionisio Gamallo
- Código do centro: 27020902
- Enderezo: Avenida de América ,1
- Código postal: 27700
- Localidade: Ribadeo
- Provincia: Lugo
- Correo electrónico: [iesribadeo@edu.xunta.gal](mailto:iesribadeo@edu.xunta.gal)
- Teléfono: 982870666
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/>
- Etapas educativas: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato Científico Tecnolóxico, Bacharelato de Humanidade e Ciencias Sociais, Educación Secundaria para persoas adultas e Bacharelato para persoas adultas
- Número alumnado: 412
- Claustro profesorado: 52
- Profesorado definitivo: 37

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O instituto está situado na vila de Ribadeo, nun solar duns 8000 m2 adxacente coas rúas Avenida de América, Paco Lanza, Alfredo Deaño, O Xardín e Residencia Municipal de Maiores de Ribadeo. O edificio, de planta baixa e dúas plantas elevadas, ocupa unha superficie aproximada de 2000 m2, ó que se suman uns 1800 de pistas deportivas descubertas, distribuíndose a superficie restante entre accesos, aparcamentos e xardíns.

Conta co seguinte reparto de locais por plantas:

- Na planta baixa: salón de actos, zona administrativa (oficinas e despachos do equipo directivo e orientación), conserxería, ximnasio, vestiarios, patio, cafetería e comedor
- Na primeira planta: sala do profesorado, aulas, e departamentos didácticos.
- Na segunda planta: biblioteca, aulas e departamentos didácticos.
- Na terceira planta un único local destinado a almacén.

Os locais dedicados á docencia son os seguintes:

- 14 aulas grandes (para un máximo de 30 alumnos).
- 3 aulas pequenas (para un máximo de 15 alumnos).
- Aulas específicas de música, idiomas, xeografía e historia, debuxo, dúas de informática e unha de apoio e reforzo.
- Laboratorios de física, química e bioloxía e xeoloxía.
- Talleres de tecnoloxía de ESO e Bacharelato.

### **Contexto socio-económico**

O entorno do centro comprende parte da Comarca da Mariña Oriental, concellos de Ribadeo, Trabada e San Cosme de Barreiros, cunha poboación próxima ós 15000 habitantes. É unha zona principalmente agrícola, gandeira e forestal, especialmente os concellos de Trabada e San Cosme de Barreiros.

No concello de Ribadeo ten vital importancia o comercio e a hostalería, sendo o sector servizos en xeral a súa principal actividade, e que está experimentando un crecemento nos últimos anos. Isto, xunto coa súa privilexiada situación xeográfica, fai de Ribadeo o centro comercial dunha extensa área astur-galaica. Esta estrutura comercial é de especial relevancia na provincia, sendo máis propia dunha cidade que dunha cabeceira de comarca, vista a súa influencia nos municipios próximos de Asturias e Galicia.

### **Contexto lingüístico**

Baseándonos nos datos do IGE, 2014 e na propia observación atenta, podemos concluír que a zona na que se sitúa o noso centro forma parte dunha área, aínda hoxe, maioritariamente galegofalante (75,81% segundo os datos IGE, fronte ó 51,49% de media en Galicia), pero os mesmos datos indican que a evolución negativa do índice de galegofalantes avanza a un ritmo máis rápido cá media galega (-6,91% na Mariña fronte a -5,53% de media en Galicia).

A maiores, debemos ter en conta que, como no resto do país, asistimos á diferenciación de usos propia da diglosia e a un progresivo deterioro do galego oral.

Independentemente da descrición xeral da comarca, cómpre sinalar diferenzas notables dependendo das distintas zonas de procedencia do noso alumnado: en San Cosme de Barreiros e Trabada a presenza social do galego é maior ca na vila de Ribadeo

A isto hai que engadir a situación fronteiriza do concello de Ribadeo e a súa puxanza como capital de comarca, que propicia o asentamento de poboación procedente da veciña Asturias, que unhas veces está efectivamente asentada no castelán e outras veces serve como escusa para non utilizar o galego en ámbitos visibles como o comercio, etc., aínda que eles non teñan ningún problema co noso idioma, que en moitos falantes é tamén o seu, coas variantes dialectais propias da zona. Canto á repercusión directa no centro, esta poboación nótase especialmente no bacharelato de adultos, onde temos alumnado procedente do occidente de Asturias. Para algúns deles, o galego está presente no ámbito oral pero non o estudaron na escola ou, como moito, estudaron o que no Principado soen denominar "fala", cos seus prexuízos e coas súas particularidades á hora de trasladala á escrita.

A isto cómpre sumar certa presenza de alumnado doutras nacionalidades, con linguas de orixe que manteñen co galego distancias moi diversas, dependendo de cada caso.

### **Características do alumnado**

Nos últimos cursos o número de alumnos e alumnas vense mantendo en torno a 450, dos cales aproximadamente un 16 % pertence ó réxime de persoas adultas e o resto ó ordinario.

O alumnado do instituto procede dos concello de Ribadeo, Trabada e San Cosme de Barreiros, sendo aproximadamente un 65 % da Vila de Ribadeo e o resto de zonas rurais ou pequenos núcleos de poboación.

Os colexios de educación primaria adscritos ó instituto son os seguintes:

- CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo.
- CEIP Celso Currás, de Trabada.
- CEIP de San Miguel de Reinante.
- CEIP de San Cosme de Barreiros.

Do total do alumnado o 35% utiliza o servizo de transporte escolar, sendo tan só o 5% do concello de Trabada e repartíndose o resto por igual entre Ribadeo e San Cosme de Barreiros.

En torno a un 10% do alumnado é estranxeiro, incluíndo tamén aquel que ten outra nacionalidade ademais da española. Dentro destes, os procedentes de países lusófonos son maioría, 33%, seguidos dos hispanos, 30%, e árabes, 26%. En todo caso, non se necesita organizar medidas especiais de atención educativa para a súa integración, ben por acceder xa dende a ESO e levar xa un tempo residindo en Galicia ou por proceder de países hispanos ou lusófonos.

O Plan Dixital reforzará o proceso de implantación das TIC iniciado coa posta en marcha no centro do proxecto E-DIXGAL. No vindeiro curso a totalidade do Ensino Obrigatorio terá o libro dixital e haberá un impulso considerable de adaptación ás contornas dixitais, tanto nas comunicacións internas e externas con todos os membros da comunidade educativa, como nos proxectos de formación permanente no centro destinados á creación de materiais didácticos e de avaliación.

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación

do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital permite planificar a liña de formación e realizouse en base a información recollida no informe de análise da situación do centro.

Para a elaboración do Plan Dixital leváronse a cabo as seguintes fases:

1. Primeiro trimestre do curso 2021/22: o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o Test CDD, Fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.
2. Finais do segundo trimestre do curso 2021/22: análise DAFO do centro.
3. Comezo do terceiro trimestre do curso 2021/22: elaboración do Plan de Acción. A finalidade deste plan é a de marcar os obxectivos básicos do Plan Dixital.
4. Primeiras semanas do mes de xuño do curso 2021/22: elaboración e publicación do Plan Dixital previo coñecemento do claustro e aprobación do Consello Escolar.
5. Curso 2022/2023: implementar o Plan Dixital. Este plan estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- No centro temos conexión á rede mediante cable e WIFI. Ambas conexións están dispoñibles en todo o centro. O profesorado pode conectarse á rede mediante a WIFI "edu.xunta", con acceso controlado por contrasinal corporativa. O alumnado con dispositivo E-Dixgal conéctase á rede WIFI "Abalar", exclusiva dos dispositivos E-Dixgal e con acceso restrinxido. En canto a conexión por cable, as direccións IP da ethernet do centro son dinámicas, polo que calquera persoa que conecte o seu equipo informático á rede mediante cable ten acceso á rede corporativa.
- No centro hai tres aulas de informática, 11 aulas E-Dixgal, o resto das aulas, laboratorios, talleres e aulas específicas do centro están dixitalizadas (ordenador, canon e altofalantes), 9 equipos para xestión e administración, 5 equipos na biblioteca, dos cales 4 están a disposición do alumnado, e 13 equipos nas dúas

salas do profesorado e departamentos. Ademais contamos con 19 equipos ultraportátiles para aulas móbiles.

- O centro conta cos seguintes servizos dixitais educativos corporativos que facilitan a xestión docente: páxina web, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil e AbalarPro.
- A Xestión do mantemento do equipamento do centro está repartida entre o coordinador TIC, un servizo externo e Amtega.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Datos recollidos mediante a enquisa de autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3	3		
	Profesorado		2,9	3,2		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3	3		
	Profesorado		2,4	3,2		
	Alumnado		3,3	2,3		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,3	3,3		
	Profesorado		3,1	3,7		
	Alumnado		3,8	3		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,5	3,3		
	Profesorado		2,9	3,5		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,2	3,9		
	Profesorado		4	4,4		
	Alumnado		4	3,7		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2,8	2,8		
	Profesorado		3,5	3,5		
	Alumnado		3,4	2,7		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,3	2,6		
	Profesorado		3,1	3,2		
	Alumnado		2,9	2,2		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,1	3,2		
	Profesorado		3,4	4		
	Alumnado		3,3	2,8		

Datos recollidos mediante o Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	28	35	80%
PROVISIONAL	5	5	100%
INTERINO	8	11	72,7%
SUBSTITUTO	1	1	100%
OUTROS	1	3	33,3%



Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	71,4	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	74,8	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P				

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,3%
A2	15	34,9%
B1	21	48,8%
B2	5	11,6%
C1	1	2,3%
C2	0	0%
TOTAL	43	99,90%

**Outras fontes:** *Incluir a información relativa a outras fontes empregadas para a análise DAFO.*

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dotación de equipamento suficiente.</li> <li>Asistencia técnica interna suficiente.</li> <li>Boa conectividade á rede.</li> <li>O software está actualizado, na medida das posibilidades do equipamento informático, e funciona correctamente.</li> <li>É un centro EDIXGAL, polo que todo o alumnado da ESO ten equipamento Informático.</li> <li>Repositorio en liña da Biblioteca.</li> <li>Dispoñemos de equipamento informático para que o alumnado sen recursos poda levar a casa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta renovación de parte do equipamento do centro.</li> <li>Necesidade de maiores espazos e mellor dotados, sobre todo para o alumnado de bacharelato.</li> <li>Asistencia técnica externa insuficiente.</li> <li>Non se contempla que o alumnado traballe con dispositivos propios</li> </ul>
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utilización de recursos dixitais: EDIXGAL e Aula Virtual por gran parte do claustro.</li> <li>Reflexión sobre o uso de recursos dixitais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta motivación, formación específica e tempo para explorar novas modalidades de ensino dixital.</li> </ul>

		<p>(tratamento de uso de imaxe, protección de dereitos de autor, licenzas..)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>O equipo directivo potencia a utilización de ferramentas dixitais de traballo e comunicación co alumnado e familias.</li> <li>Participación en actividades de formación. A maioría do claustro é definitivo no centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pódese mellorar a comunicación entre as diferentes etapas educativas e con outros centros.</li> <li>Pouca participación en redes colaborativas.</li> <li>Pouca resolución nas incidencias técnicas.</li> <li>Non hai moito tempo para adicarlle á retroalimentación co alumnado.</li> <li>Hai pouca innovación e explotación dos recursos dixitais polo profesorado definitivo de maior idade, que son maioría no centro.</li> <li>Sobrecarga de burocracia, sobre todo no equipo directivo.</li> </ul>
	<b>PERSONAL NON DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dotación de equipamento suficiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escasa utilización dos recursos informáticos</li> </ul>
	<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Motivación na utilización das TIC's.</li> <li>Utilización de plataformas dixitais educativas promovidas pola administración.</li> <li>Competencia para a resolución de problemas técnicos e autonomía na utilización do software.</li> <li>Acceso á rede e a dispositivos dixitais.</li> <li>Reciben e son coñecedores das notificacións e novas publicadas en Abalar e na páxina web do centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pouca participación no emprego de ferramentas de autoavaliación e coavaliación.</li> <li>Escasa utilización de equipamento propio.</li> <li>Adican pouco tempo á tecnoloxía fóra do centro con fins de aprendizaxe.</li> </ul>
	<b>FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comunicación de avisos e notificacións a través das aplicacións da administración (Abalar) e páxina web do centro.</li> <li>Acceso á rede</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Un número reducido de familias teñen dificultade no emprego das novas tecnoloxías.</li> </ul>
	<b>OFERTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O centro oferta materias propias vencelladas ao departamento de TIC.</li> <li>O equipo directivo propón liñas de PFP relacionadas coas TIC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ausencia de espazos para desenvolver materias específicas.</li> </ul>
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utilización exclusiva de ferramentas dixitais corporativas e software libre.</li> <li>Política rigorosa na protección de datos, tratamento de uso de imaxe, licenzas e de dereitos de autor...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro.</li> <li>Dependencia de asistencia de profesorado especialmente interesado.</li> <li>Ausencia de espazos para compartir recursos.</li> </ul>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O centro recibe axudas por parte da administración educativa.</li> <li>Oferta de actividades formativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Imposición de burocracia.</li> <li>Pouca estabilidade laboral do persoal docente.</li> <li>Déficit de dotación de equipos informáticos para a actualización dos obsoletos.</li> <li>O profesorado considera que as modalidades de formación organizadas pola Administración non se axustan ás necesidades formativas do profesorado.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>As materias ofertadas polo currículos son unha oportunidade para o noso centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cambios normativos e legislativos contínuos.</li> <li>Necesidade de diminuír a carga lectiva do profesorado e destinar horas para a competencia dixital.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Condições socioeconómicas da contorna aceptables.</li> <li>Relación con entidades educativas externas á comunidade educativa.</li> <li>Existe unha boa colaboración co Concello e as actividades que propoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A oferta de actividades formativas e as condicións para a participación son escasas.</li> <li>Non existencia de proxectos externos.</li> </ul>
	<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A comunicación coa ANPA é eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pouca participación das familias na ANPA.</li> </ul>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Boa relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa.</li> <li>Colaboración con institucións alleas ao centro educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non existencia de proxectos externos.</li> <li>A oferta de actividades formativas e as condicións para a participación son escasas.</li> </ul>

## 3. Plan de Acción

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción realizouse a partir da análise DAFO:

- Establecéronse áreas prioritarias e determináronse os obxectivos
- Concreción dos obxectivos a conseguir: teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal.

Os obxectivos concretados están contextualizados en áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamento (C)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Actualizar os dispositivos dixitais das aulas de informática				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo, directivo, persoa coordinadora das TIC-AMTEGA				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de ordenadores a actualizar ou substituír					
<b>Valor de partida: (3)</b>	28 dispositivos por aula sen actualizar (2 aulas)					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	28 dispositivos por aula actualizados (2 aulas)			30/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades de cada dispositivo	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA	31/07/2022	Persoal solicitado a AMTEGA mediante o coordinador Abalar do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Actualizar software e substituír hardware dos equipos obsoletos.	Persoa coordinadora das TIC_AMTEGA	30/09/2022	Persoal solicitado a AMTEGA mediante o coordinador Abalar do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar un mantemento periódico (trimestral)	Persoa coordinadora das TIC-empresa externa	Cada trimestre	Empresa externa contratada polo centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamento (C)						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Actualizar maqueta abalar nos ordenadores das aulas EDIXGAL				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de ordenadores a actualizar ou substituír					
<b>Valor de partida: (3)</b>	10 ordenadores a actualizar ou substituír					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	10 ordenadores actualizados ou substituídos			8/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO2.1: Determinar as necesidades de cada dispositivo</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA	31/07/2022	Persoal solicitado a AMTEGA mediante o coordinador Abalar do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: Actualizar maqueta abalar</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA	08/09/2022	Persoal solicitado a AMTEGA mediante o coordinador Abalar do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3: Realizar un mantemento periódico (trimestral)</b>	Persoa coordinadora das TIC-empresa externa	Cada trimestre	Empresa externa contratada polo centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamento (C)						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Actualizar maqueta abalar nos ordenadores das aulas non EDIXGAL e substituír equipos obsoletos				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de ordenadores a actualizar ou substituír					
<b>Valor de partida: (3)</b>	16 ordenadores a actualizar ou substituír					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	16 ordenadores actualizados ou substituídos			8/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO3.1: Determinar as necesidades de cada dispositivo</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA	31/07/2022	Persoal solicitado a AMTEGA mediante o coordinador Abalar do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.2: Actualizar maqueta abalar</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA	08/09/2022	Persoal solicitado a AMTEGA mediante o coordinador Abalar do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.3: Substituír equipos obsoletos</b>	Equipo directivo e Persoa coordinadora das TIC	08/09/2022	Dotación AMTEGA de material		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.4: Realizar un mantemento periódico (trimestral)</b>	Persoa coordinadora das TIC-empresa externa	Cada trimestre	Empresa externa contratada polo centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamento (C)						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Actualizar os dispositivos dixitais da biblioteca e sala do profesorado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de ordenadores a actualizar ou substituir					
<b>Valor de partida: (3)</b>	6 ordenadores desactualizados					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	6 ordenadores actualizados			31/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO4.1: Determinar as necesidades de cada dispositivo</b>	Persoa coordinadora das TIC-AMTEGA	31/07/2022	Persoal de AMTEGA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2: Actualizar maqueta abalar</b>	Persoa coordinadora das TIC_AMTEGA	31/09/2022	Persoal de AMTEGA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.3: Substituir equipos obsoletos</b>	Equipo directivo e Persoa coordinadora das TIC	31/09/2022	Dotación AMTEGA de material		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Apoios e recursos (E)						
<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Poñer en marcha un servidor e carpetas compartidas nos equipos do profesorado e equipo directivo				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora das TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de servidores					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 servidores					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	1 servidor			8/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Poñer en marcha un servidor para aloxar carpetas compartidas e facer copias de respaldo da documentación do centro	Persoa coordinadora das TIC	31/07/2022	Un ordenador		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2:Crear carpetas compartidas nos equipos da biblioteca, sala do profesorado e equipo directivo para ter acceso e poder compartir documentación	Persoa coordinadora das TIC_AMTEGA	31/07/2022	Equipos electrónicos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.3: Fomentar a comunicación entre o profesorado utilizando as TIC e crear espazos dixitais comúns de intercambio de información	Equipo directivo e Persoa coordinadora das TIC	31/07/2022	Equipos electrónicos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Liderado (A)						
<b>OBXECTIVO 6: (1)</b>	Promover a comunicación entre titoras/es e as familias mediante AbalarPro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Procentaxe de titores/as que realizan as comunicacións mediante a app AbalarPro					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% titores/as					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	75 % titores/as			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Crear un grupo de traballo para formar e asesorar acerca da utilización da app	Equipo directivo	01/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Fomentar a comunicación entre as titoras/es e as familias mediante a utilización da app	Persoas titoras	22/06/2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Potenciar o uso da app mediante o envío de notificacións periódicas	Persoas titoras	22/06/2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apios e recursos (E)						
OBXECTIVO 7: (1)	Crear recursos dixitais para levar a cabo a práctica docente				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro-Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de recursos dixitais creados por cada docente					
Valor de partida: (3)	0 recursos dixitais creados por docente					
Valor previsto e data: (4)	20 recursos dixitais creados por docente			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
os intereses do claustro en canto a ferramentas dixitais que lles gustaría aprender a manexar (Genially, Canva...)	Equipo directivo	Setembro	Enquisa online		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Solicitar PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais	Equipo directivo	1º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de ESO e Bacharelato	Xefatura de estudos e profesorado	2º e 3º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A71.3: Publicar na Aula virtual os recursos dixitais adaptados ao currículo de ESO e Bacharelato	Profesorado	2º e 3º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apios e recursos (E)						
<b>OBXECTIVO 8: (1)</b>	Promover o uso da Aula Virtual por parte do alumnado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na AV por docente implicado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	10 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO8.1: Crear cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV	Persoa coordinadora TIC	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes	Profesorado da materia	2º e 3º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Publicar na Aula virtual os recursos dixitais adaptados ao currículo de ESO e Bacharelato	Profesorado da materia	2º e 3º trimestre			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Hai que renovar equipamento das aulas de informática, así como os ordenadores e pizarras dixitais das aulas non dotadas co equipamento asociado ao programa E-DIXGAL. En moitos equipos informáticos das dúas aulas de informática do centro non se pode instalar a última maqueta ABALAR, xa que o hardware está obsoleto. É moi complicado traballar con audio, vídeo, 3D... nestes equipos.

Nas aulas que non contan co equipamento asociado ao programa E-DIXGAL, hai ordenadores con máis de 12 anos de uso. Do mesmo modo, as pizarras dixitais destas aulas están obsoletas. Instaláronse no centro cando realizaron a fusión dos dous IES de Ribadeo no ano 2012. Xa estaban operativas dende había tempo no centro de procedencia (IES Porta da Auga). Polo tanto, consideramos necesaria unha renovación das pizarras dixitais e ordenadores destas aulas.

### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, realizarase nos seguintes contextos:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 5. Difusión do plan

O Plan Dixital estará publicado na páxina web do centro. Haberá copias impresas na secretaría do centro.

Unha vez aprobado polo Consello Escolar e publicado na páxina web do centro, enviarase unha mensaxe por Abalar Móbil ás familias para indicar o enlace da publicación.

Antes de ser aprobado polo Consello Escolar, o claustro de profesorado debe ser coñecedor de dito plan, polo que será enviado por correo electrónico a todos os membros do claustro.